




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría de Ferrol. Concello: Mugardos e Ares. Parroquia: San Xulián de Mugardos, no centro, gran parte da unidade; San Vicente de Meá ao E.; San Pedro de Cervás ao SO; San Xosé de Ares ao S.; Extensión: 4,28km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Relevo contrastado debido á presenza de dúas litoloxías diferenciadas. A parte central e oriental é unha superficie de nivel antiga moi suave, mentres o extremo occidental presenta maiores pendentes e elevación polo granítico Monte Faro. Fronte acantilado baixo precedido por chairas intermareais, extensas na propia enseada. As vertentes do Monte Faro desde os cantís van medrando gradualmente ata superar o 40% nalgúns sectores das ladeiras altas

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade pertencente ao Dominio da "Serie de Ordes", composta por materiais precámbrico-silúricos metamórficos de xistos, como xistos e cuarzoquistos. En Punta da Redonda, aparece unha banda de anfiboilitas antehercínicas. No Cuaternario, destacan os depósitos intermareais da Enseada do Baño.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O esteiro inclúese no dominio climático Cálido e Subhúmido: temperatura media anual maior de 14°C e amplitude térmica por debaixo de 12,5°C. As precipitacións rexistran máximos acumulados de 1200mm ao ano e valores mínimos en torno a 1000mm.

OS SOLOS

A ampla chaira intermareal permite fluvisols típicos. Na ampla e suave cunca central, onde se acumularon sedimentos, desenvólvese un fluvisol háptico, o solo de maior aptitude agrícola da zona. As vertentes laterais presentan, do lado granítico, ao oeste, un umbrisol dístrico-léptico, mentres na parte sueste e sur, metamórfica de xistos, aparecen cambisols eútricos.


AS AUGAS

O Río do Baño e o seu afluente pola esquerda Rego dos Frades compoñen a unidade, dando lugar a un pequeno leito arredor da Enseada do Baño. Verten as súas augas á masa de Augas Costeiras da ría de Ferrol (20124).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa baixa de marisma e chairas intermareais con hábitat principal nos bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais, 1110 e 1140. Estes permiten a aparición de praias de pé acantilado estreito e con alto contido en materiais finos. É unha costa moi modificada, con peiraos, muros de contención e artificialidade da costa en xeral. Os cantís non desenvolven o hábitat típico e teñen un perfil moi transformado. Área interior bastante transformada. Ademais dalgunhas masas de recolonización entre A Fraga e As Robeiras (5ha), aparecen extensas áreas de formacións mixtas, nas que piñeiros e eucaliptos mestúranse con frondosas autóctonas. Son estes restos de carballeiras e soutos costeiros (9230-9260), cunha dimensión bastante elevada, pois suman na unidade as 75ha.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Trátase dunha paisaxe que presenta unha considerable superficie dedicada a labores agrícolas, se ben dun xeito moi fragmentado e con numerosas interferencias, que alteran a continuidade que antes presentaban, especialmente na parte central e oriental da unidade paisaxística. A vexetación de ribeira asociada ao río do Baño e ao Rego dos Frades interrompe pola parte central a devandita continuidade, así como inconexas masas de bosque de repoboación e usos residenciais fano na chaira oriental. O terzo occidental, composto pola ladeira este do Monte Faro de gran pendente, está cuberto por extensas áreas de formacións mixtas, nas que piñeiros e eucaliptos mestúranse con frondosas autóctonas, restos de carballeiras e soutos costeiros. Na fronte litoral alternase vexetación costeira autóctona na vertente occidental con usos residenciais na parte central e bosques de repoboación ao oriente.

MORFOLOXÍA

Os núcleos de orixe tradicional que articulan esta unidade son o de Cervás (situado a media ladeira ao fondo da vertente oeste do val de Baño), A Redonda (núcleo de identidade litoral na costa occidental da enseada) e Simou, na chaira que se desenvolve ao este do río de Baño, cara ao interior do val. Cervás, o maior núcleo da zona, experimentou certo crecemento vinculado á estrada que o atravesa, mentres que A Redonda mantivo a súa fisionomía practicamente inalterada. Na chaira oriental produciuse un fenómeno de urbanización dispersa mediante tipoloxías de vivenda illada, apoiadas nas principais vías de comunicación. Na costa, especialmente na parte central, danse crecementos residenciais máis intensivos, con operacións de inmoble unitario e gran consumo de solo. O bordo nordeste da unidade delimita o crecemento disperso arredor do núcleo de Mugar dos.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A conectividade lonxitudinal está garantida polo AC-131, que atravesa a unidade paralelamente á costa, desde Mugar dos ata A Redonda. No fondo do val, ao interior da unidade, a C-0402 (Ares-Chanteiro) tamén a percorre lonxitudinalmente, pasando polo núcleo de Cervás. A suavidade do relevo permite que se xeren conexións transversais desde a fronte litoral cara ao interior, mediante a C-0403 (que transcorre ao longo da vertente oeste do val de Baño, unindo Cervás coa costa) e o AC-130, que no seu traxecto de unión entre Ares e Mugar dos percorre a chaira oriental desta unidade. Estas dúas últimas vías supuxeron, coa súa construción, unha importante alteración na estrutura tradicional parcelaria e viaria.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento arqueolóxico máis salientable desta unidade é o coñecido como Castro de Mugar dos, a tan só 200 metros da costa oriental da enseada de Baño a uns 50 metros sobre o nivel do mar. No relativo a patrimonio arquitectónico, destaca o Mosteiro de Santa Catalina de Faro (BIC), fundado por Fernán Pérez "O Bo" no século XIV no alto do Monte Faro. A igrexa de San Xiao Vella (próxima á beira nororiental da unidade) e o Pazo do Baño, na desembocadura do río, son os outros dous elementos de arquitectura de importancia. No tocante a patrimonio etnográfico, destacan varias casas en Cervás, xunto á igrexa parroquial de San Pedro de Cervás, a ponte do Baño, e o conxunto da Redonda de Riba (que se desenvolve en parte na unidade paisaxística de Cantís de Palma e do Segafío).

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A paisaxe de Baño caracterízase polo contraste que se xera entre a súa parte occidental, de fortes pendentes e cunha densa masa boscosa que descende polas ladeiras de Monte Faro, e o resto do territorio, unha extensión relativamente chá que abre a perspectiva cara ao este e na que se dá unha complexa variedade de usos. Sobre a estrutura tradicional de núcleos compactos unidos por unha rede de camiños entre os que se desenvolve a actividade agraria, agora presenta unha paisaxe de lectura moito máis fragmentada, no que as novas vías fomentan novas estratexias de ocupación de solo, potenciado pola presión que exerce a proximidade do núcleo de Mugardos.

DINÁMICA DA PAISAXE

Tradicionalmente, salvando as excepcións que supuñan a ladeira nordeste do Monte Faro e algunhas áreas vinculadas ao transcurso do río de Baño, o territorio estaba cultivado case na súa totalidade, aproveitando as ladeiras dos vales e as partes máis fértiles do mesmo. Danse dous fenómenos que modifican este modelo tradicional de ocupación do territorio. Por un lado, o xeral descenso da actividade agrícola provoca un aumento da superficie cuberta por bosque, facendo que na ladeira do Monte Faro por debaixo da cota 50 prolonguese a masa forestal ata a costa, que se recupere a vexetación atlántica de boa parte do litoral, e que na chaira oriental proliferen os bosquetes de repoboación ou colonización. Doutra banda, a presión que xera a proximidade do núcleo de Mugardos xera procesos de ocupación residencial, tanto vinculados á costa como na parte interior da unidade, especialmente no terzo oriental.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A presenza do Mosteiro de Santa Catalina de Faro, e o significado que asume como fito de referencia no alto do Monte Faro, é un dos maiores valores desta paisaxe. É de destacar tamén o bo estado no que se conserva a vertente oeste da enseada, cos núcleos da Redonda, A Redonda de Riba e o seu pequeno porto sen alteracións morfolóxicas nin tipolóxicas salientables. A combinación de terras cultivadas, masas boscosas de repoboación e de ribeira e o gran macizo que supón o límite occidental da unidade danlle á paisaxe un atractivo visual só alterado polos procesos de urbanización extensivos que se desenvolven na parte central da fronte costeiro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Asentamentos espontáneos na fachada litoral da enseada de Baño e na marxe esquerda da canle fluvial, co fin de evitar corredores urbanizados que dificulten a contemplación do litoral e convertan o territorio nun continuo urbano.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

- | |
|--|
|  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional |
|  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico |
|  Asentamento funcional / Asentamiento funcional |
|  Agregado urbano / Agregado urbano |
|  Nova agrupación / Nueva agrupación |
|  Outras edificacións / Otras edificaciones |

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

- | |
|---|
|  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural |
|  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima |
|  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico |
|  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico |
|  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia |
|  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos |
|  Puntos de observación / Puntos de observación |
|  Faros / Faros |

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

- | |
|---|
|  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico |
|  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón |
|  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico |
|  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera |

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

- | | |
|---|---|
|  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria |  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje |
|  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto |  Zona portuaria / Zona portuaria |
|  Ferrocarril / Ferrocarril |  AVE / AVE |
|  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías |  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas |
|  Outras estradas / Otras carreteras |  Pistas e camiños / Pistas y caminos |
|  EDAR / EDAR | |



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



